

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO PASEO INTERIOR DA MURALLA ROMANA. TRAMO TRASEIRA RÚA CLÉRIGOS. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 10UR3105 URBAN Paseo interior da muralla

Sendo as 13:00 horas do día 28 de xaneiro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento, actuando como vocais dona Maria Concepción Castro-Gil Iglesias, técnico de xestión do servizo de intervención, dona Ana Saez Mancebo, letrada asesora, don Pablo Fuentes Faílde, xefe do servizo municipal de enxeñería e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Asiste tamén ao acto público don Francisco Fernández en representación da empres COPCISA S.A.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a informar aos presentes do informe emitido polo servizo municipal de intervención en relación co expediente das obras de referencia do seguinte teor literal:

“En relación á licitación do procedemento convocado de “Obras de acondicionamento do tramo interior da Muralla Romana. Tramo Trasera Calle Clérigos”, actuación incluída no Proxecto URBAN, cun prezo máximo de contrato de 108.628,68 €, a que subscribe informa aos integrantes da Mesa de Contratación constituída para proceder á apertura das plicas correspondentes ó procedemento aberto convocado, o seguinte:

O financiamento inicial das obras de referencia, segundo informa a Directora do Proxecto Urban con data 2/7/2015, e que consta no expediente, contaba cun compromiso de aportación do FEDER do 80% do Presuposto de licitación, isto é 108.628,68 €, e unha aportación municipal do 20% do Presuposto, isto é 27.157,17 €, financiado con recursos propios 2015.

Á data actual, este financiamento non é posible, xa que a efectividade dos recursos aportados polo FEDER finalizou con data 30/12/2015, polo que os responsables da área xestora, deberán de informar da vontade ou non de continuar co procedemento de licitación, e de se-lo caso, de arbitrar financiamento alternativo que de cobertura ás obrigas que se desprendan da execución do contrato, tendo en conta a situación actual de prórroga do Orzamento.

É canto procede informar”.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla


Refª: Acta suspensión mesa CLÉRIGOS PLAN URBAN

Asunto:


Á vista do informe emitido e incorporado ao expediente de contratación, os integrantes da mesa de contratación acordan suspender a mesa de contratación e non proceder á apertura das proposicións presentadas ata que se proceda á resolución da incidencia xurdida e á aprobación da nova financiación da obra proxectada.

Sen mais que manifestar, conclúese a sesión ás 13:15 no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz